



1 **Borrador do Decreto ___/2010, polo que se establece o Regulamento**
2 **orgánico dos conservatorios de música e de danza da Comunidade**
3 **Autónoma de Galicia.**

4
5 A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece os
6 principios xerais que debe rexer o sistema educativo e dedica os artigos
7 45, 46, 47, 48, 49 e 50 á ordenación das ensinanzas de música e de
8 danza de réxime especial.

9
10 En consonancia co disposto no artigo 6.2º da dita lei, o goberno fixou no
11 Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro e no Real decreto 85/2007,
12 do 26 de xaneiro, os aspectos básicos dos currículos que constitúen as
13 ensinanzas mínimas de música e de danza respectivamente,
14 conducentes aos títulos correspondentes.

15
16 O Real decreto 806/2006, de 30 de xuño, aprobou o calendario de
17 aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecendo as
18 datas nas que se implantarían as ensinanzas de música e de danza de
19 réxime especial, debéndose rematar a súa implantación no curso 2008-
20 2009 coa incorporación dos curso 5º e 6º do grao profesional nas
21 ensinanzas de música e de danza.

22
23 En consecuencia, a Comunidade Autónoma de Galicia estableceu os
24 currículos das ensinanzas elementais e profesionais de música e de
25 danza.

26
27 Así, o decreto 196/2007, do 20 de setembro e o decreto 198/2007, do 27
28 de setembro, establecen respectivamente as ensinanzas elementais de
29 danza e de música na Comunidade Autónoma de Galicia.

30
31 Posteriormente, o decreto 203/2007, do 27 de setembro e o decreto
32 204/2007, do 11 de outubro, establecen respectivamente as ensinanzas
33 profesionais de música e de danza na Comunidade Autónoma de Galicia.

34
35 Cómpre pois, dadas as características singulares dos conservatorios de
36 música e de danza, dotalos tamén dun marco de organización,
37 funcionamento e goberno diferenciado dos centros docentes públicos
38 que imparten ensinanzas de réxime xeral. Isto implica que ditos centros
39 precisen dunha regulación específica que lles permita poñer en marcha
40 dinámicas de funcionamento propias, nas que concreten tanto os
41 aspectos relacionados co seu goberno e administración coma aqueles de



42 tipo organizativo que permitan realizar de maneira singular as actividades
43 académicas e artísticas propias destes centros.

44

45 É, pois, a finalidade do presente Decreto regular a nivel autonómico os
46 criterios comúns para a organización e funcionamento dos conservatorios
47 de música e de danza, dentro do marco de autonomía tanto no
48 pedagóxico, a través da elaboración dos seus proxectos educativos,
49 como no que respecta á xestión económica dos recursos e á elaboración
50 das súas normas de organización e funcionamento, tal como que se lle
51 recoñece a estes centros, no capítulo II do título V da Lei orgánica
52 2/2006, do 3 de maio, de educación.

53

54 Igualmente, o presente Decreto, coa finalidade de garantir a calidade e
55 promover a excelencia dos conservatorios de música e de danza,
56 establece a realización de avaliacións internas, por parte de cada centro,
57 e externas, baixo a responsabilidade da Consellería competente en
58 materia de Educación, destinadas a pescudar o nivel de logros destes
59 centros docentes públicos de acordo cos requirimentos sociais da
60 formación nas ensinanzas profesionais de música e de danza. A
61 información obtida mediante estas avaliacións ha permitir determinar os
62 elementos que actúan sobre a eficiencia e a eficacia dos conservatorios
63 de música e de danza para, en consecuencia, ratificalos, modificalos ou
64 substituílos coa finalidade de asegurar a calidade dos mesmos.

65

66 Así, coa finalidade de lograr nos conservatorios actuacións de
67 excelencia, por unha parte este decreto establece medidas de
68 coordinación entre o profesorado e promove a utilización das tecnoloxías
69 da información e a comunicación e, pola outra, a Consellería competente
70 en materia de Educación fomentará a formación do profesorado de
71 música e de danza establecendo programas específicos para tal fin.

72

73 De conformidade co exposto, e por proposta do Conselleiro de
74 Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade
75 outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da
76 Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de
77 outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das
78 mulleres de Galicia, logo do informe do Consello Escolar de Galicia, de
79 acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo de
80 deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día... de
81 ... dous mil dez,

82



83 **DISPOÑO:**

84
85 **Título I: Disposicións de carácter xeral**
86 **Disposicións preliminares**

87
88 **Artigo 1º. Obxecto e ámbito de aplicación.**

89 1. Este decreto establece o regulamento orgánico dos conservatorios
90 elementais e profesionais de música e de danza de titularidade da Xunta
91 de Galicia.

92 2. Tamén será de aplicación aos conservatorios de música e de danza
93 dependentes doutras Administracións Públicas, e aos centros privados
94 de ensinanzas de música e de danza en todos aqueles aspectos que non
95 contraveñan o establecido na súa lexislación específica e os límites
96 fixados por ela.

97
98 **Artigo 2º. Carácter e ensinanzas dos conservatorios de música e de**
99 **danza da Xunta de Galicia.**

100 1. Os conservatorios de música e de danza dependentes da Consellería
101 competente en materia de Educación da Xunta de Galicia son centros
102 docentes públicos que imparten o grao profesional, e se é o caso, o grao
103 elemental das ensinanzas establecidas no artigo 45 da Lei 2/2006, do 3
104 de maio, de Educación.

105 2. A autorización e modificación das ensinanzas e da oferta formativa
106 para impartir as ditas ensinanzas correspóndelle á Consellería
107 competente en materia de Educación.

108
109 **Artigo 3º. Creación, denominación e supresión dos centros que**
110 **impartan ensinanzas regradas de música ou de danza.**

111 1. A creación e supresión dos conservatorios de música e de danza
112 dependentes da Consellería competente en materia de educación
113 correspóndelle ao Goberno da Xunta de Galicia mediante decreto, por
114 proposta do titular da dita Consellería.

115 2. As Corporacións Locais poderán promover a creación de
116 conservatorios de música ou de danza. Correspóndelle á Consellería
117 competente en materia de educación a autorización dos ditos centros
118 que, en todo caso, deberán reunir as condicións establecidas na
119 normativa vixente.

120 3. Os conservatorios de música e de danza creados de acordo co que se
121 establece no apartado anterior terán a todos os efectos o carácter de
122 centros públicos, de acordo coa disposición adicional segunda da Lei
123 Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.



124 4. Así mesmo, é competencia da Consellería competente en materia de
125 Educación a autorización de centros privados que impartan ensinanzas
126 de música ou de danza que, en todo caso, deberán reunir as condicións
127 establecidas na normativa vixente.

128 5. Os centros públicos que impartan as ensinanzas de música ou de
129 danza establecidas no artigo 48 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de
130 Educación denominaranse xenericamente, segundo as ensinanzas que
131 imparta:

- 132 a) «Conservatorio elemental de música».
- 133 b) «Conservatorio elemental de danza».
- 134 c) «Conservatorio profesional de música».
- 135 d) «Conservatorio profesional de danza».

136 6. Os conservatorios de música e de danza poderán ter unha
137 denominación específica que aprobará a Consellería competente en
138 materia de educación, por proposta do consello escolar do conservatorio.

139 7. Non poderán existir na mesma localidade conservatorios de música e
140 de danza coa mesma denominación específica.

141 8. Os centros privados deberán ter unha denominación específica que os
142 identifique e non poderán utilizar denominacións que induzan a erro.

143 9. Todos os conservatorios de música e de danza utilizarán a
144 denominación xenérica en lingua galega nos seus letreiros, impresos e
145 selos, e, en xeral, sempre que se utilice o nome do conservatorio.

146 10. En todos os conservatorios de música e de danza figurará na fachada
147 do edificio, en lugar visible, un letreiro co escudo de Galicia e as
148 expresións: «Xunta de Galicia», a denominación específica da
149 Consellería competente en materia de educación e a denominación do
150 conservatorio. Tamén poderá figurar o escudo e o nome do concello no
151 que estea situado o conservatorio.

152 11. Todos os conservatorios de música e de danza terán un sitio web coa
153 mesma imaxe corporativa co fin de conseguir unha maior proxección
154 exterior e potencialo como canal de información da súa actividade.

155

156 **Título II: Órganos de goberno e de coordinación docente**

157 **Capítulo I.- Órganos de goberno unipersoais**

158

159 **Artigo 4º. Órganos unipersoais.**

160 Son órganos de goberno unipersoais en todos os conservatorios de
161 música e de danza a dirección, a vicedirección, a xefatura de estudos e a
162 secretaría.

163

164 **Artigo 5º. O equipo directivo.**



165 O equipo directivo é o órgano executivo do conservatorio. Está integrado
166 polos órganos unipersoais de goberno que traballarán de forma
167 coordinada para lograr os obxectivos do proxecto educativo e a calidade
168 e excelencia da oferta formativa.

169

170

Sección primeira. Dirección

171

Artigo 6º. Selección, nomeamento e cesamento.

172
173 1. A selección, nomeamento e cesamento das direccións dos
174 conservatorios de música e de danza axustaranse ao establecido na
175 normativa vixente.

176 2. A dirección do conservatorio cesará nas súas funcións ao final do seu
177 mandato ou ao producirse algunha das seguintes causas:

178 a) Renuncia motivada aceptada pola xefatura territorial da Consellería
179 competente en Educación.

180 b) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase a
181 situación de servizos especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou
182 forzosa e suspensión de funcións de acordo co disposto na lexislación
183 vixente.

184 c) Cesamento pola xefatura territorial da Consellería competente en
185 Educación logo de proposta de revogación, motivada e acordada por
186 maioría de dous terzos do consello escolar.

187 d) Incapacidade física ou psíquica sobrevida.

188 3. A dirección, cando incumpra gravemente coas súas obrigas, poderá
189 ser cesada ou suspendida de funcións pola xefatura territorial da
190 Consellería competente en Educación, logo do informe razoado do
191 consello escolar do conservatorio, do informe da inspección educativa e
192 da audiencia da persoa interesada.

193 4. Cando se produza o cesamento da dirección con anterioridade ao
194 remate do seu mandato, por calquera das causas enumeradas nos
195 apartados anteriores, a xefatura territorial da Consellería competente en
196 Educación nomeará un director ou directora con carácter accidental e ata
197 o 30 de xuño, oído o Claustro e o Consello escolar.

198 5. En caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións da
199 dirección desempeñará as súas funcións, con carácter accidental, a
200 vicedirección e, no caso de que non exista tal órgano, a xefatura de
201 estudos.

202

Artigo 7º. Competencias.

203 As competencias da dirección son:

204

205 1. De representación.



- 206 a) Ostentar e exercer a representación oficial do conservatorio.
207 b) Representar oficialmente no Conservatorio á Consellería
208 competente en materia de educación, sen prexuízo das atribucións
209 das demais autoridades educativas, e facerlle chegar a esta as
210 propostas, aspiracións e necesidades da comunidade educativa.
- 211 2. De dirección e coordinación.
- 212 a) Cumprir e garantir o cumprimento da normativa vixente.
213 b) Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao conservatorio e
214 exercer as súas atribucións en materia disciplinaria ao alumnado de
215 acordo coas disposicións aplicables.
- 216 c) Elaborar e redactar xunto co resto do equipo directivo, e vistas as
217 propostas do claustro e do consello escolar, os distintos documentos
218 de autonomía pedagóxica e de xestión do conservatorio, e darlle
219 traslado, cando corresponda, á Consellería competente en materia
220 de Educación.
- 221 d) Dirixir e coordinar todas as actividades do conservatorio cara a
222 consecución e desenvolvemento do proxecto educativo e da
223 programación xeral anual, establecendo medidas para garantir a
224 igualdade entre mulleres e homes.
- 225 e) Convocar e presidir os actos académicos así como as reunións dos
226 órganos de goberno e de coordinación docente.
- 227 f) Garantir a execución dos acordos dos órganos colexiados no ámbito
228 da súa competencia.
- 229 g) Propoñer á Consellería competente en materia de Educación o
230 nomeamento e cesamento dos restantes membros do equipo
231 directivo debendo informar ao claustro e ao consello escolar.
- 232 h) Nomear as xefaturas dos departamentos así como aos
233 responsables das distintas coordinacións docentes de acordo co
234 establecido neste regulamento.
- 235 i) Redistribuír temporalmente, por causa motivada, as funcións dos
236 diferentes membros do equipo directivo co fin de acadar unha maior
237 eficacia na xestión do conservatorio.
- 238 3. De información e avaliación.
- 239 a) Garantir o coñecemento e dispoñibilidade da información aos
240 diferentes sectores da comunidade educativa sobre os seus dereitos e
241 deberes, así como daqueloutra que permita ao alumnado o
242 coñecemento da organización do conservatorio e a súa participación
243 activa na vida académica e cultural.
- 244 b) Promover e impulsar a avaliación interna do conservatorio e os
245 plans de innovación educativa, así como colaborar coa Consellería
246 competente en materia de Educación nas avaliacións externas e na



247 avaliación da función pública docente.

248 4. De réxime económico e administrativo.

249 a) Visar as certificacións e os documentos oficiais do conservatorio,
250 realizar as contratacións de obras, servizos e subministros, e facer o
251 seu seguimento, así como autorizar e supervisar os gastos e ordenar
252 os pagamentos de acordo co orzamento asignado e as disposicións
253 vixentes.

254 b) Calquera outra encomendada pola Consellería competente en
255 materia de Educación no ámbito das súa competencias.

256

257 **Sección segunda. Vicedirección, Xefatura de estudos e Secretaría**

258

259 **Artigo 8º. Competencias da vicedirección.**

260 1. É competencia da vicedirección:

261 a) Substituír a dirección en caso de ausencia, enfermidade ou
262 suspensión de funcións desta.

263 b) Por delegación da dirección, organizar e supervisar a xestión da
264 información xeral aos diferentes sectores da comunidade educativa, en
265 especial, ao profesorado e ao alumnado.

266 c) Por delegación da dirección, establecer mecanismos de xestión do
267 sitio web do conservatorio.

268 d) Por delegación da dirección, promover e organizar os plans de
269 avaliación interna do conservatorio, e colaborar, cando cumpra, na
270 avaliación externa e da función pública docente.

271 e) Impulsar e organizar a participación do alumnado na actividade
272 cultural do conservatorio.

273 f) Coordinar o equipo de actividades culturais e de promoción das
274 ensinanzas.

275 g) Responsabilizarse do desenvolvemento dos plans de innovación e
276 investigación educativa así como dos proxectos europeos.

277 h) Coordinar as actividades de formación para o profesorado do
278 conservatorio, propoñendo e impulsando a súa participación nun plan
279 de formación.

280 i) Asistir ás reunións da Comisión de coordinación pedagóxica.

281 j) Calquera outra función encomendada pola dirección no ámbito da
282 súa competencia.

283 2. Cando non exista vicedirección, asumirá con carácter xeral as súas
284 funcións a xefatura de estudos.

285

286 **Artigo 9º. Competencias da Xefatura de estudos.**

287 É competencia da Xefatura de estudos:



- 288 a) Cando non exista vicedirección, asumir as funcións establecidas
289 para ese órgano unipersoal.
290 b) Por delegación da dirección, exercer a xefatura do profesorado e do
291 alumnado en relación ao réxime académico e disciplinario.
292 c) Organizar, coordinar e supervisar o exercicio da función docente do
293 profesorado e a actividade académica do alumnado.
294 d) Coordinar as actividades das xefaturas de departamento, das
295 coordinacións e das titorías que se desenvolvan no conservatorio.
296 e) Elaborar, co resto do equipo directivo, o horario académico do
297 alumnado e do profesorado, garantindo a aplicación de criterios
298 pedagóxicos e organizativos establecidos polo claustro e que
299 respondan exclusivamente ás necesidades de formación do alumnado.
300 f) Organizar, coordinar e supervisar todas as actividades de avaliación
301 e probas de acceso.
302 g) Establecer medidas para atender calquera eventualidade que incida
303 no normal funcionamento do conservatorio.
304 h) Calquera outra función encomendada pola dirección no ámbito das
305 súas competencias.

306

307 **Artigo 10º. Competencias da Secretaría.**

308 É competencia da secretaría:

- 309 a) Ordenar o réxime administrativo do conservatorio, de conformidade
310 coas instrucións da dirección.
311 b) Por delegación da dirección, organizar e supervisar a actividade e
312 funcionamento do persoal de administración e servizos.
313 c) Actuar como secretario/a dos órganos colexiados de goberno,
314 levantar acta das sesións e dar fe dos acordos co visto e praxe da
315 dirección.
316 d) Expedir as certificacións que se soliciten.
317 e) Elaborar o anteproxecto de orzamento do conservatorio de acordo
318 coas directrices do consello escolar e oída a comisión económica.
319 f) Realizar a contabilidade e presentar contas ante o consello escolar e
320 as autoridades correspondentes.
321 g) Elaborar e actualizar o inventario xeral do conservatorio coa
322 colaboración das xefaturas de departamento e as coordinacións que
323 corresponda.
324 h) Custodiar e supervisar a conservación do equipamento e material
325 didáctico do Conservatorio en colaboración coas xefaturas de
326 departamento e coas coordinacións que corresponda.
327 i) Custodiar os libros, arquivos e bases de datos do conservatorio.
328 j) Supervisar a conservación, mantemento, limpeza e vixilancia do



- 329 edificio do conservatorio.
330 k) Dar a coñecer e difundir a información sobre normativa, disposicións
331 legais e asuntos de interese profesional e académico de relevancia
332 para a toda a comunidade educativa.
333 l) Por delegación da dirección, establecer mecanismos de xestión da
334 correspondencia electrónica do conservatorio, derivando a súa
335 resposta a quen corresponda.
336 m) Presidir, se é o caso, e por delegación da dirección, a comisión
337 económica.
338 n) Calquera outra función que lle poda encomendar a dirección no
339 ámbito das súas competencias.

340

341

Sección terceira. Equipo directivo

342

343

Artigo 11º. Nomeamento, substitución e cesamento.

344

1. A dirección, logo de informar ao claustro e ao consello escolar, propondrá aos docentes que han de ocupar os restantes cargos do equipo directivo á xefatura territorial da Consellería competente en materia de Educación a fin de que sexan nomeados por esta. O nomeamento e toma de posesión realizaranse con efectos do 1 de xullo seguinte á celebración do proceso de selección, por un período de catro anos.

345

2. Non poderá ser proposto para a xefatura de estudos, secretaría ou vicedirección o profesorado que, por calquera causa, non vaia prestar servizo no conservatorio no curso académico inmediatamente seguinte ao que tomaría posesión deste cargo.

346

3. Nos conservatorios de nova creación os órganos unipersoais serán ocupados por docentes designados e nomeados pola xefatura territorial da Consellería competente en materia de Educación.

347

4. Co fin de permitir o adecuado funcionamento do conservatorio, no suposto de ausencia prolongada dalgún membro do equipo directivo, a dirección poderá designar a un membro do departamento deste para levar a cabo, con carácter temporal, as súas funcións directivas, cando a dita ausencia implique profesorado substituto. En tal caso, a persoa substituta realizará as funcións docentes do membro do departamento designado. Este extremo precisará a autorización expresa da inspección educativa.

348

5. A vicedirección, a xefatura de estudos e a secretaría cesarán nas súas funcións ao remate do seu mandato e nos seguintes supostos:

349

a) Cando cese a dirección que propuxo o seu nomeamento.

350

b) Por renuncia motivada aceptada pola dirección e ratificada pola xefatura territorial.

351



- 370 c) Por incapacidade física o psíquica.
371 d) Por proposta motivada da dirección, informados o claustro e o
372 consello escolar, logo da audiencia ao interesado e do informe
373 favorable da inspección educativa, .
374 e) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase a
375 situación de servizos especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou
376 forzosa e suspensión de funcións de acordo co disposto na lexislación
377 vixente.
378 6. A Consellería competente en materia de Educación poderá cesar ou
379 suspender de funcións a calquera dos membros do equipo directivo
380 cando exista incumprimento grave das súas funcións.
381 7. Cando se produza o cesamento dun membro do equipo directivo a
382 Consellería competente en materia de educación nomeará polo resto do
383 mandato a outro docente por proposta da dirección, quen informará ao
384 claustro e ao consello escolar.

385 **Capítulo II. Órganos colexiados de goberno**

386 **Artigo 12º. Composición.**

387 Os conservatorios de música e de danza terán os seguintes órganos
388 colexiados de goberno: o consello escolar e o claustro docente.
389

390 **Sección primeira. Consello Escolar**

391 **Artigo 13º. Definición.**

392 1. O consello escolar é o órgano de participación no control e goberno
393 dos conservatorios de música e de danza por parte dos distintos sectores
394 da comunidade educativa.
395

396 **Artigo 14º. Composición.**

397 1. O consello escolar dos conservatorios terá a seguinte composición:

- 398 a) A dirección do conservatorio que exercerá a presidencia.
399 b) A xefatura de estudos do conservatorio.
400 c) Un representante do concello do municipio no que estea situado
401 o conservatorio, que preferentemente estará relacionado co ámbito
402 cultural.
403 d) Dous representantes de pais e nais ou titores legais.
404 e) Un representante do persoal de administración e servizos do
405 conservatorio.
406 f) O secretario ou secretaria, con voz e sen voto.

407 1.1. No suposto de conservatorios con 60 ou máis docentes:
408
409
410



- 411 - Nove docentes elixidos por e entre os membros do claustro.
412 - Sete representantes do alumnado elixidos por e entre este
413 colectivo.
414 1.2. No suposto de conservatorios de ata 60 docentes:
415 - Sete docentes elixidos por e entre os membros do claustro.
416 - Cinco representantes do alumnado elixidos por e entre este
417 colectivo.
418 1.3 No suposto de conservatorios de ata 20 docentes:
419 - Tres docentes elixidos por e entre os membros do claustro.
420 - Dous representantes do alumnado elixidos por e entre este
421 colectivo.
422 2. Un dos representantes do alumnado será a persoa que presida a
423 xunta de delegados.
424 3. Un representante de pais e nais ou titores legais será designado pola
425 asociación máis representativa do conservatorio.
426 4. Só pode ser elector e elixible do consello escolar o alumnado
427 matriculado nas ensinanzas correspondentes ao grao profesional.
428 5. Unha vez constituído o Consello escolar, este designará unha persoa
429 que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e
430 efectiva entre homes e mulleres.
431 6. O procedemento de elección, constitución, renovación e substitución
432 do consello escolar rexerese polo disposto na normativa establecida para
433 o efecto pola Consellería competente en materia de Educación.

434

435 **Artigo 15º. Competencias.**

436 O consello escolar terá as seguintes competencias:

- 437 a) Formular propostas ao equipo directivo para a elaboración dos
438 proxectos educativo e de xestión, da programación xeral anual e das
439 normas de organización e funcionamento, e aprobalos e avalialos sen
440 prexuízo das competencias do claustro en relación coa planificación e
441 organización docente, así como informar a memoria anual do
442 conservatorio.
443 b) Aprobar o proxecto de orzamento e a súa execución.
444 c) Analizar e avaliar a organización e o funcionamento xeral do
445 conservatorio, especialmente, a evolución do rendemento académico
446 do alumnado, os resultados das avaliacións internas e externas, e a
447 xestión da información entre os diferentes sectores da comunidade
448 educativa.
449 d) Decidir sobre a admisión do alumnado de acordo coa normativa
450 vixente.
451 e) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no



- 452 conservatorio, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución
453 pacífica de conflitos.
- 454 f) Coñecer a iniciación e resolución dos expedientes disciplinarios ao
455 alumnado e velar pola súa adecuación á normativa vixente.
- 456 g) Coñecer as candidaturas á dirección e os seus proxectos.
- 457 h) Participar, se é o caso, na selección da dirección de acordo co
458 establecido na normativa de aplicación. Ser informado do nomeamento
459 e cese dos membros do equipo directivo e propoñer a revogación
460 motivada da dirección por maioría de dous terzos dos seus membros.
- 461 i) Elaborar propostas e informes por iniciativa propia ou a petición da
462 Consellería competente en materia de Educación sobre o
463 funcionamento xeral do conservatorio e a mellora da súa calidade.
- 464 j) Establecer os criterios para colaborar, con fins educativos e culturais,
465 coas administracións local e autonómica, centros docentes, e outras
466 entidades públicas e privadas.
- 467 k) Promover a renovación das instalacións e equipamento do
468 conservatorio e velar pola súa conservación.
- 469 l) Promover políticas de igualdade no conservatorio.
- 470 m) Calquera outra que lle sexa atribuída pola Consellería competente
471 en materia de Educación no ámbito das súas competencias.

472

473 **Artigo 16º. Comisións.**

- 474 1. No seo do consello escolar, constituirase unha comisión económica
475 integrada pola dirección, un docente elixido polo seu sector no
476 consello escolar, a presidencia da xunta de delegados, e o secretario
477 ou secretaria.
- 478 2. Igualmente deberase constituír o observatorio da convivencia
479 adaptando a composición establecida no Decreto 85/2007, do 12 de
480 abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da
481 Convivencia Escolar ás características do cadro docente dos
482 conservatorios de música e de danza .
- 483 3. Poderán constituírse outras comisións para asuntos específicos, nas
484 que estarán presentes, cando menos, a dirección, un docente e un
485 representante do alumnado. En todo caso as comisións informarán o
486 consello escolar sobre os temas que se lles encomenden e
487 colaborarán con el nas cuestións da súa competencia.

488

489 **Sección segunda. Claustro Docente**

490

491 **Artigo 17º. Definición.**

- 492 1. O claustro é o órgano de participación dos docentes no control e



493 goberno dos conservatorios música e de danza e ten a responsabilidade
494 de planificar, coordinar, informar e decidir sobre todos os aspectos
495 educativos destas.

496 2. O claustro será presidido pola dirección e estará integrado polos
497 docentes que prestan servizos no conservatorio.

498

499 **Artigo 18º. Competencias.**

500 a) Formular propostas ao equipo directivo para a elaboración e
501 desenvolvemento do proxecto educativo e da programación xeral
502 anual así como propor iniciativas no ámbito da innovación educativa e
503 da formación docente.

504 b) Aprobar, informar e avaliar o desenvolvemento do currículo nas
505 diferentes especialidades, así como todos os aspectos educativos do
506 proxecto educativo e da programación xeral anual e emitir informe
507 sobre as normas de organización e funcionamento do conservatorio.

508 c) Analizar e avaliar a organización e o funcionamento xeral do
509 conservatorio, especialmente, a evolución do rendemento académico
510 do alumnado e os resultados das avaliacións internas e externas e
511 propoñer, se é o caso, medidas de mellora.

512 d) Coñecer as candidaturas á dirección e os seus proxectos, e ser
513 informado das propostas de nomeamento e cesamento dos membros
514 do equipo directivo.

515 e) Elixir os seus representantes no Consello Escolar e no Equipo de
516 dinamización da lingua galega, e participar, se é o caso, na selección
517 da dirección de acordo coa normativa vixente.

518 f) Coñecer a resolución de expedientes disciplinarios e a imposición de
519 sancións ao alumnado, verificando a súa adecuación á normativa
520 vixente.

521 g) Calquera outra atribuída pola Consellería competente en materia de
522 educación no ámbito das súas competencias.

523

524 **Sección terceira. Réxime de funcionamento dos órganos Colexiados** 525 **de goberno**

526

527 **Artigo 19º. Constitución e sesións.**

528 1. Os órganos Colexiados reuniranse preceptivamente en sesión ordinaria
529 unha vez por trimestre e sempre que os convoque a súa presidencia ou o
530 solicite un terzo, polo menos, dos seus membros. Neste último caso, a
531 presidencia realizará a convocatoria no prazo máximo de 20 días
532 contados desde o seguinte día a aquel no que se presente a petición. A
533 sesión celebrarase como máximo no prazo dun mes contado desde o día



534 seguinte á entrega da petición de convocatoria.

535 En todo caso reuniranse ao inicio e remate de curso.

536 2. Nas reunións ordinarias a dirección, cunha antelación mínima dunha
537 semana, convocará a sesión e poñerá a disposición dos membros do
538 órgano colexiado a documentación necesaria para o seu mellor
539 desenvolvemento. Se os asuntos que se vaian tratar así o aconsellan,
540 poderán realizarse convocatorias extraordinarias cunha antelación
541 mínima de corenta e oito horas e sen suxeición a prazo previo nos casos
542 de urxencia

543 3. Para a válida constitución dos órganos colexiados de goberno, para a
544 realización das sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase
545 a presenza da dirección, da secretaría ou, de ser o caso, daqueles que
546 os substitúan, e cando menos da metade dos membros do
547 correspondente órgano colexiado. Se non existise quórum, o órgano
548 constituirase en segunda convocatoria. Neste caso será suficiente a
549 asistencia da terceira parte dos membros e, en todo caso, un número
550 non inferior a tres, sen prexuízo da presenza da dirección e da secretaría
551 ou, de ser o caso, daqueles que os substitúan.

552 4. A dirección presidirá as sesións, moderará o desenvolvemento dos
553 debates e poderá suspendelas por causas xustificadas.

554

555 **Artigo 20º. Acordos e actas.**

556 1. Os acordos adoptaranse por maioría de votos. A Consellería
557 competente en materia de Educación poderá establecer unha maioría
558 cualificada en determinados supostos.

559 2. Non poderán ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que
560 no conste na orde do día, a non ser que estean presentes todos os
561 membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto
562 polo voto favorable da maioría.

563 3. De cada sesión, a secretaría redactará un acta cos seguintes
564 apartados: asistentes, orde do día, lugar e duración da sesión, asuntos
565 principais tratados e acordos adoptados.

566 4. A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das
567 administracións públicas e do procedemento administrativo común será a
568 norma reguladora dos aspectos non tratados especificamente en este
569 regulamento.

570

571 **Artigo 21º. Asistencia do profesorado aos órganos colexiados.**

572 1. A asistencia do profesorado ás sesións dos órganos colexiados de
573 goberno que corresponda é obrigatoria, polo que as ausencias terán o
574 carácter de horas lectivas para os efectos de faltas de asistencia e de



575 permisos.

576 2. Non poderá asistir ás ditas reunións o profesorado en situación de
577 incapacidade temporal, agás naqueles casos específicos que así se
578 determinen pola Consellería competente en materia de Educación, entre
579 os cales se contemplará a elección de horario, cargos directivos,
580 membros do Consello escolar e análogos.

581

582 **Capítulo III. Órganos de coordinación docente**

583

584 **Artigo 22º. Composición.**

585 Nos conservatorios de música e de danza existirán os seguintes órganos
586 de coordinación docente:

- 587 a) Departamentos didácticos.
- 588 b) Comisión de coordinación pedagóxica.
- 589 c) Equipo de dinamización da lingua galega.
- 590 d) Equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas.
- 591 e) Coordinación do grao elemental.
- 592 f) Coordinación das tecnoloxías da información e a comunicación.
- 593 g) Coordinación de biblioteca.
- 594 h) Titorías.

595

596 **Artigo 23º. Asistencia do profesorado.**

597 1. A asistencia do profesorado ás sesións dos órganos de coordinación
598 docente é obrigatoria, polo que as ausencias terán o carácter de horas
599 lectivas para os efectos de faltas de asistencia e de permisos.

600 2. Non poderá asistir ás ditas reunións o profesorado en situación de
601 incapacidade temporal, agás naqueles casos específicos que así se
602 determinen pola Consellería competente en materia de Educación.

603

604 **Sección primeira. Departamentos Didácticos**

605

606 **Artigo 24º. Definición.**

607 1. Os departamentos didácticos son órganos de coordinación docente
608 organizados como equipos de traballo para lograr os obxectivos
609 establecidos na súa programación didáctica, no proxecto educativo e na
610 programación xeral anual do conservatorio. O seu funcionamento debe
611 basearse na interacción dos seus membros que colaborarán
612 coordinadamente nas funcións que este órgano ten encomendadas.

613 2. A cada Departamento didáctico pertencerán os profesores e as
614 profesoras das especialidades que impartan as ensinanzas propias das
615 materias asignadas ao Departamento. Estará adscrito a un



616 Departamento o profesorado que, aínda pertencendo a outro, imparta
617 algunha materia do primeiro.

618 3. Cando nun conservatorio de música ou de danza se impartan materias
619 que non estean asignadas a un Departamento pola normativa vixente, ou
620 ben poidan ser impartidas polo profesorado de distintos Departamentos e
621 a prioridade da súa atribución non estea establecida pola normativa
622 vixente, a Dirección, a proposta da Comisión de coordinación
623 pedagóxica, adscribirá estas ensinanzas a un dos Departamentos
624 didácticos.

625 4. Cada departamento didáctico terá unha xefatura de departamento.

626 5. Nos conservatorios de música existirán, en función das especialidades
627 autorizadas, os seguintes Departamentos didácticos:

- 628 a) Departamento de Corda.
- 629 b) Departamento de Corda Pulsada.
- 630 c) Departamento de Composición.
- 631 d) Departamento de Linguaxe Musical
- 632 e) Departamento de Canto.
- 633 f) Departamento de Orquestra e Música de Cámara.
- 634 g) Departamento de Tecla.
- 635 h) Departamento de Vento Madeira.
- 636 i) Departamento de Vento metal.
- 637 j) Departamento de Percusión.
- 638 k) Departamento de Música tradicional.
- 639 l) Departamento de Música antiga.
- 640 m) Departamento de Piano Acompañante.

641 6. Nos conservatorios de danza existirán, en función das especialidades
642 autorizadas, os seguintes Departamentos didácticos:

- 643 a) Departamento de Danza Clásica.
- 644 b) Departamento de Danza de Carácter.
- 645 c) Departamento de Danza Contemporánea.
- 646 d) Departamento de Música.
- 647 e) Departamento de Piano Acompañante.
- 648 f) Departamento de Materias Teóricas.

649 7. A Consellería competente en materia de Educación regulará o
650 procedemento e os requisitos que permitan aos conservatorios
651 profesionais de música e de danza establecer no seu proxecto educativo,
652 e atendendo ás peculiaridades do mesmo, unha estrutura departamental
653 diferente á contemplada nos dous apartados anteriores.

654

655 **Artigo 25º. Funcións dos Departamentos didácticos.**

656 É competencia dos departamentos didácticos:



- 657 a) Impartir a oferta educativa que lles corresponda en relación coa súa
658 especialidade e segundo o establecido na programación didáctica do
659 departamento.
- 660 b) Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro sobre os
661 documentos que desenvolven a autonomía pedagóxica, organizativa e
662 de xestión do conservatorio.
- 663 c) Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas
664 ao desenvolvemento curricular e á organización e á planificación
665 docentes.
- 666 d) Elaborar e redactar, antes do comezo do curso académico, a
667 programación didáctica da oferta educativa que lles corresponda,
668 baixo a coordinación e dirección da xefatura de departamento e de
669 acordo coas directrices xerais establecidas pola comisión de
670 coordinación pedagóxica.
- 671 e) Promover e organizar actividades culturais e de promoción das
672 ensinanzas e participar nelas dentro e fóra do conservatorio, cando
673 estas se realicen en horario lectivo.
- 674 f) Participar no seguimento mensual, cando menos, da programación
675 didáctica e elaborar, rematado o curso escolar, unha memoria anual
676 na que se avalíe a súa aplicación.
- 677 g) Participar na resolución motivada das reclamacións sobre as probas
678 que afecten ao departamento.
- 679 h) Participar na elaboración dun banco de actividades didácticas do seu
680 departamento.
- 681 i) Investigar e participar na mellora continua dos procesos de ensino da
682 especialidade correspondente.
- 683 j) Participar nos plans de avaliación que determine a Consellería
684 competente en materia de Educación ou o propio conservatorio.
- 685 k) Colaborar coas coordinacións de multimedia e de biblioteca para o
686 adecuado cumprimento das funcións das mesmas.
- 687 l) Calquera outra actividade que no ámbito das competencias dun
688 departamento didáctico se lle poida asignar por parte da dirección do
689 conservatorio ou da Consellería competente en materia de Educación.

690

691 **Artigo 26º. Nomeamento.**

692 1. As xefaturas dos departamentos didácticos serán nomeadas pola
693 dirección do conservatorio, oído o departamento, que o comunicará á
694 xefatura territorial da Consellería competente en materia de Educación.

695 2. As xefaturas dos departamentos didácticos desempeñarán o seu cargo
696 durante un período de catro anos.

697 3. A xefatura de departamento será desempeñada por un docente do



698 departamento que estea en situación de servizo activo no corpo de
699 profesores de música e artes escénicas. Cando non exista no
700 departamento ningún profesor/a con destino definitivo, a xefatura poderá
701 recaer nun profesor/a sen destino definitivo no conservatorio.

702 4. En caso de ausencia prolongada da xefatura de departamento, a
703 dirección designará un membro do departamento para desenvolver as
704 súas funcións.

705

706 **Artigo 27º. Funcións.**

707 É competencia da xefatura de departamento:

708 a) Representar ao Departamento na Comisión de Coordinación
709 Pedagóxica e cando sexa convocada no ámbito das súas
710 competencias, e informar dos acordos acadados aos membros do
711 departamento.

712 b) Convocar e presidir as reunións do departamento e levantar a acta
713 correspondente.

714 c) Elaborar a previsión da oferta educativa do departamento e
715 colaborar coa dirección na planificación desta e de actividades
716 culturais.

717 d) Dirixir e coordinar as actividades académicas que o departamento
718 teña encomendadas.

719 e) Coordinar a elaboración da programación didáctica da oferta
720 educativa do departamento e responsabilizarse da súa redacción cos
721 restantes membros do departamento.

722 f) Garantir a impartición do currículo das ensinanzas
723 correspondentes a través do seguimento mensual, cando menos, da
724 programación didáctica, que se realizará mediante protocolos
725 establecidos para tal fin. No caso de incumprimento deberá elevar
726 informe á dirección no que se incorporarán os motivos que
727 corresponda e que quedará á disposición da inspección educativa.

728 g) Redactar a memoria do departamento ao remate do curso
729 académico.

730 h) Garantir que o alumnado dispoña da información relativa á
731 programación, con especial referencia aos obxectivos, criterios de
732 avaliación, corrección, cualificación e mínimos esixibles, así como ás
733 características das distintas probas e da cualificación destas.

734 i) Resolver as reclamacións de final de curso que afecten ao seu
735 departamento, de acordo coas deliberacións dos seus membros, e
736 elaborar o informe motivado pertinente.

737 j) Custodiar as probas e documentos de avaliación do alumnado
738 durante un ano dende a finalización do curso académico, e



- 739 responsabilizarse de que a organización de toda a documentación do
740 departamento permita a súa dispoñibilidade cando cumpra.
741 k) Coordinar coa xefatura de estudos a organización de espazos e
742 instalacións do conservatorio e velar pola correcta conservación do
743 equipamento específico do departamento e das aulas, cando estas
744 estean asignadas ao departamento.
745 l) Responsabilizarse da xestión do orzamento do departamento
746 didáctico e administralo segundo as instrucións da dirección.
747 m) Asesorar ao profesorado de nova incorporación no ámbito das
748 súas funcións.
749 n) Facilitar a información sobre a actividade académica do
750 departamento que se lle solicite polos distintos sectores da
751 comunidade educativa.
752 ñ) Dinamizar a actividade profesional dos membros do departamento,
753 promover a investigación educativa no ámbito das ensinanzas que lle
754 corresponda e propoñer á vicedirección actividades do ámbito das
755 ensinanzas do mesmo.
756 o) Calquera outra actividade que no ámbito das súa competencia a
757 dirección ou a Consellería competente en materia de Educación lle
758 poida encomendar.

759

760 **Artigo 28º. Finalización do mandato.**

761 1. A xefatura de departamento finalizará as súas funcións ao remate do
762 seu mandato ou ao producirse algunha das circunstancias seguintes:

763 a) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase a
764 situación de servizos especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou
765 forzosa.

766 b) Cesamento pola Consellería competente en materia de Educación,
767 de oficio ou por proposta motivada da dirección, a causa de
768 incumprimento de funcións, oído o departamento e a persoa
769 interesada, e logo do informe da inspección educativa.

770 c) Renuncia motivada, oída a dirección e a persoa interesada.

771 2. Cando a xefatura de departamento finalice ou sexa cesada nas súas
772 funcións por calquera causa das enumeradas neste artigo, a dirección da
773 conservatorio procederá a designar o novo xefe ou xefa de
774 departamento, de acordo co establecido no artigo 26º deste decreto.

775

776 **Artigo 29º. Réxime de funcionamento dos departamentos.**

777 1. Os departamentos reuniranse, con carácter xeral, unha vez por
778 semana. Unha vez ao mes a reunión dedicarase a facer o seguimento da
779 programación didáctica.



780 2. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, durante os meses de
781 xuño e setembro os departamentos celebrarán as reunións que sexan
782 precisas para a elaboración da memoria anual do curso, da
783 programación didáctica, e das propostas que corresponda para a
784 programación xeral anual.

785 3. De cada reunión a xefatura de departamento levantará acta deixando
786 constancia dos asistentes e dos acordos adoptados.

787

788 **Sección segunda. Outros órganos e coordinacións**

789

790 **Artigo 30º. Comisión de coordinación pedagóxica.**

791 1. A Comisión de coordinación pedagóxica é o órgano responsable de
792 velar pola coherencia pedagóxica entre as programacións didácticas dos
793 distintos cursos, así como de garantir a coordinación entre o equipo
794 directivo e os Departamentos didácticos.

795 2. Constituirase en todos os conservatorios unha comisión de
796 coordinación pedagóxica.

797 3. Este órgano estará integrado por:

798 a) A dirección, que exercerá a súa presidencia.

799 b) A vicedirección.

800 c) A xefatura de estudos.

801 d) As xefaturas de todos os departamentos didácticos.

802 e) A persoa coordinadora do Equipo de dinamización da lingua galega.

803 f) A persoa responsable da coordinación do grao elemental.

804 g) A persoa coordinadora das tecnoloxías da información e a
805 comunicación.

806 h) A persoa coordinadora da biblioteca.

807 4. Actuará como secretario un membro da comisión, designado pola
808 dirección, oídos os restantes membros.

809 5. Ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica poderá ser
810 convocado calquera membro do claustro cando se traten temas
811 relacionados directamente coas súas funcións.

812 6. O funcionamento da comisión de coordinación pedagóxica aterase ao
813 establecido nos artigos 19º, 20º e 21º deste decreto, relativos ao réxime
814 de funcionamento dos órganos colexiados de goberno.

815

816 **Artigo 31º. Competencias.**

817 Serán competencias da comisión de coordinación pedagóxica:

818 a) Coñecer a oferta educativa do conservatorio e elevar propostas á
819 dirección.

820 b) Establecer as directrices xerais para a elaboración e revisión das



- 821 programacións didácticas e do Programa de potenciación da lingua
822 galega, e velar polo seu cumprimento, así como elaborar protocolos
823 para avaliar o resultado do seu desenvolvemento.
824 c) Propor ao claustro, para a súa aprobación, as programacións
825 didácticas dos diferentes departamentos.
826 d) Establecer directrices para o funcionamento adecuado das titorías.
827 e) Propor ao claustro para a súa aprobación os criterios pedagóxicos
828 para a elaboración do horario do alumnado.
829 f) Propor ao claustro o calendario das probas ordinarias e
830 extraordinarias, de acordo coa xefatura de estudos.
831 g) Fomentar iniciativas de creación de grupos de traballo en función
832 das necesidades do conservatorio.
833 h) Propor criterios para a elaboración de actividades culturais e
834 artísticas e deseñar accións de colaboración interdepartamental
835 encamiñadas a favorecer a práctica de conxunto.
836 i) Garantir que as programacións didácticas dos distintos
837 departamentos presentan coherencia secuencial entre todas elas, e
838 indicar, se é o caso, modificacións pertinentes que deberán ser
839 realizadas polos departamentos.
840 j) Canalizar as necesidades de formación continuada do profesorado.
841 k) Realizar propostas ao equipo directivo para a distribución dos
842 recursos do conservatorio.
843 l) Deseñar instrumentos de avaliación interna para a súa aplicación e
844 procesar e analizar a información obtida para identificar fortalezas e
845 debilidades do conservatorio, e propoñer ao claustro as medidas de
846 mellora, se é o caso, que corresponda.
847 m) Analizar os resultados da avaliación externa do conservatorio e
848 propor ao claustro plans de mellora cando cumpra.

849

850 **Artigo 32º. Equipo de dinamización da lingua galega.**

851 1. Para potenciar o uso da lingua galega constituirase en cada
852 conservatorio un equipo de dinamización da lingua galega do que
853 formarán parte os distintos colectivos da comunidade educativa:

- 854 a) Tres representantes do profesorado, por proposta do claustro.
855 b) Tres representantes do alumnado, por proposta da xunta de
856 representantes deste colectivo.
857 c) Un representante do persoal non docente, por proposta deste
858 colectivo.

859 2. Na constitución deste órgano, tenderase a unha composición
860 equilibrada de mulleres e homes.



861 3. Os membros do equipo de dinamización da lingua galega serán
862 nomeados pola dirección do conservatorio.

863

864 **Artigo 33º. Competencias.**

865 É competencia do equipo de dinamización da lingua galega:

- 866 a) Presentar a través do claustro propostas ao equipo directivo para a
- 867 fixación de obxectivos de dinamización da lingua galega que se
- 868 incluírán no proxecto educativo.
- 869 b) Diseñar un programa anual de promoción da lingua galega anual
- 870 para o logro dos obxectivos previstos no proxecto educativo.
- 871 c) Presentarlle á dirección o orzamento de investimento dos recursos
- 872 económicos que lles sexan asignados para a súa aprobación no
- 873 consello escolar.
- 874 d) Calquera outra encomendada pola Consellería competente en
- 875 materia de Educación no ámbito das súas competencias.

876

877 **Artigo 34º. Coordinación do equipo de dinamización da lingua**

878 **galega.**

879 1. A coordinación do equipo de dinamización da lingua galega será
880 desempeñada por un dos representantes do profesorado,
881 preferentemente con destino definitivo.

882 2. A persoa coordinadora será nomeada pola dirección por proposta dos
883 compoñentes do equipo, desempeñará as súas funcións durante catro
884 anos, renovables, se é o caso, e cesará ao final dos mesmos ou cando
885 se dea algunha das circunstancias contempladas no artigo 28º deste
886 regulamento.

887 3. Cando a persoa responsable da coordinación cese antes de finalizar o
888 período para o que foi nomeada, a dirección nomeará un representante
889 do profesorado polo tempo que quede de mandato, de acordo co
890 procedemento establecido no artigo 32º.3.

891

892 **Artigo 35º. Competencias.**

893 É competencia da persoa coordinadora equipo de dinamización da lingua
894 galega:

- 895 a) Representar ao equipo de dinamización da lingua galega na
- 896 comisión de coordinación pedagóxica e cando sexa convocada
- 897 no ámbito das súas competencias, e informar dos acordos
- 898 acadados aos membros do equipo.
- 899 b) Convocar e presidir as reunións do equipo e levantar a acta
- 900 correspondente.



- 901 c) Coordinar a elaboración do programa de promoción da lingua
902 galega e responsabilizarse da súa redacción.
903 d) Realizar o seguimento trimestral, cando menos, do programa de
904 promoción da lingua galega, que se realizará mediante
905 protocolos establecidos para tal fin.
906 e) Redactar a memoria do equipo de dinamización da lingua
907 galega ao remate do curso académico.
908 f) Velar pola correcta conservación e uso dos recursos didácticos,
909 pedagóxicos e material en galego que lle sexan asignados ao
910 equipo.
911 g) Responsabilizarse da xestión do orzamento do equipo e
912 administralo segundo as instrucións da dirección.
913 h) Facilitar a información á comunidade educativa sobre o
914 programa de promoción da lingua galega e sobre aqueles
915 aspectos de interese relacionados coa realidade e a cultura
916 galega.
917

918 **Artigo 36º. Equipo de actividades culturais e de promoción das**
919 **ensinanzas.**

- 920 1. Os conservatorios de música e de danza poderán ter un equipo de
921 actividades culturais e de promoción das ensinanzas que estará
922 integrado polo seu coordinador e, para cada actividade concreta, polo
923 profesorado e alumnado responsable da mesma.
924 2. É competencia da vicedirección do conservatorio coordinar o equipo
925 de actividades culturais e de promoción das ensinanzas.
926 3. Cando non exista vicedirección, estas funcións serán realizadas por un
927 membro do claustro, que será designado pola dirección a proposta da
928 comisión de coordinación pedagóxica.
929 4. As funcións da persoa coordinadora do equipo de actividades culturais
930 e de promoción das ensinanzas son:
931 a) Promover, organizar e coordinar a realización de actividades
932 culturais, artísticas e de promoción das ensinanzas que se
933 impartan no conservatorio.
934 b) Diseñar, seguindo as directrices establecidas pola comisión de
935 coordinación pedagóxica, actividades culturais e artísticas que
936 impliquen todas as ensinanzas que se imparten no conservatorio.
937 c) Elaborar o programa anual das actividades para o que se terá en
938 conta as propostas dos distintos sectores da comunidade
939 educativa.
940 d) Programar cada unha das actividades especificando obxectivos,
941 responsables, momento e lugar de realización, orzamento e forma



- 942 de participación do alumnado.
943 e) Proporcionar a información relativa ás actividades culturais e de
944 promoción das ensinanzas dos distintos departamentos.
945 f) Elaborar unha memoria anual de curso coa avaliación das
946 actividades realizadas que se incluírá na memoria anual do
947 conservatorio.

948

949

Artigo 37º. Coordinación do grao elemental.

950

1. Os conservatorios profesionais nos que se imparta tamén o grao elemental, contarán cun coordinador ou coordinadora do grao elemental.

951

952

2. O profesor ou profesora encargada da coordinación do grao elemental será nomeada pola dirección do conservatorio, a proposta da Comisión de coordinación pedagóxica, entre o profesorado con destino definitivo no conservatorio que imparta ensinanzas correspondentes ao grao elemental.

953

954

955

956

957

3. A duración do mandato da persoa coordinadora do grao elemental será de catro anos.

958

959

4. O coordinador ou coordinadora do grao elemental terá as seguintes competencias:

960

961

a) Trasladar aos departamentos didácticos correspondentes as propostas de axustes da programación didáctica que garantan o carácter global das ensinanzas de cada curso do grao elemental.

962

963

964

b) Colaborar coa xefatura de estudos na coordinación do proceso de avaliación dos alumnos e alumnas, trasladando aos Departamentos didácticos correspondentes as propostas relacionadas co mellor desenvolvemento dos procesos de avaliación, e coas medidas correctoras que esa avaliación aconselle.

965

966

967

968

969

c) Trasladar á xefatura de estudos as propostas relacionadas coa composición dos grupos de alumnos e alumnas, e colaborar na coordinación dos horarios das diferentes especialidades.

970

971

972

973

d) Coordinar a acción tutelar de orientación, especialmente no que fai ás decisións relacionadas coa continuidade do alumnado no centro, ou co posible cambio de especialidades, de acordo coas súas aptitudes e intereses e coas prazas dispoñibles no centro.

974

975

976

977

e) Realizar propostas a Comisión de Coordinación Pedagóxica sobre as probas de aptitude.

978

979

980

Artigo 38º. Coordinación das tecnoloxías da información e a comunicación.

981

982

1. Os conservatorios profesionais de música e de danza poderán contar



983 cunha persoa responsable das tecnoloxías da información e a
984 comunicación.

985 2. O profesor ou profesora encargada da coordinación das tecnoloxías da
986 información e a comunicación será nomeada pola dirección do
987 conservatorio, por proposta da Vicedirección, entre o profesorado con
988 destino definitivo no conservatorio.

989 3. A duración do mandato da persoa coordinadora de multimedia será de
990 catro anos.

991 4. A persoa coordinadora das tecnoloxías da información e a
992 comunicación terá as seguintes funcións:

993 a) Impulsar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

994 b) Identificar e recompilar os recursos multimedia necesarios para que
995 o profesorado realice as actividades didácticas previstas e propor,
996 se é o caso, a súa adquisición.

997 c) Arquivar e xestionar os recursos multimedia do centro e facilitar a
998 súa utilización ao profesorado.

999 d) Asesoramento ao profesorado dos recursos multimedia.

1000 e) Realizar o mantemento e actualización do sitio web do
1001 conservatorio en colaboración coa vicedirección.

1002 f) Aqueloutras que no ámbito da súa actuación lle encomende a
1003 dirección.

1004

1005 **Artigo 39º. Coordinación de biblioteca.**

1006 1. Os conservatorios profesionais de música e de danza poderán contar
1007 cunha persoa responsable da biblioteca do centro.

1008 2. O profesor ou profesora encargada da coordinación da biblioteca será
1009 nomeada pola dirección do conservatorio, a proposta da Comisión de
1010 coordinación pedagóxica, entre o profesorado con destino definitivo no
1011 conservatorio.

1012 3. A duración do mandato da persoa coordinadora da biblioteca será de
1013 catro anos.

1014 4. A persoa coordinadora da biblioteca terá as seguintes funcións:

1015 a) Identificar e recompilar os recursos bibliográficos, fonográficos e
1016 videográficos do conservatorio necesarios para que o profesorado
1017 realice as actividades didácticas previstas e propor, se é o caso, a
1018 súa adquisición.

1019 b) Supervisar a catalogación e, se é o caso, dixitalización dos
1020 fondos da biblioteca.

1021 c) Impulsar o uso da biblioteca entre a comunidade educativa.

1022 d) Aqueloutras que no ámbito da súa actuación lle encomende a
1023 dirección.



1024

1025 **Artigo 40º. Titorías.**

1026 1. Cada profesor ou profesora será responsable da titoría do alumnado
1027 matriculado nos cursos nos que imparta docencia e, ademais das súas
1028 tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes
1029 funcións:

1030 a) Proporcionarlle, no principio de curso, ao alumnado e, se é o cao,
1031 aos seus pais, nais ou titores legais, información documental ou, no
1032 seu defecto, indicar onde pode consultar todo o referente a calendario
1033 escolar, horarios, actividades culturais e de promoción das
1034 ensinanzas.

1035 b) En relación coas programacións didácticas, proporcionarlle ao
1036 alumnado información, cando menos, dos criterios de avaliación,
1037 criterios de cualificación e mínimos esixibles.

1038 c) Realizar unha avaliación inicial do alumnado para establecer as
1039 medidas pedagóxicas adecuadas e conducentes ao logro dos
1040 obxectivos do curso que imparta.

1041 d) Efectuar o seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado
1042 para detectar dificultades e necesidades individuais, co obxecto de
1043 facilitar os oportunos asesoramentos e apoios.

1044 e) Facilitar a integración do alumnado e fomentar a súa participación
1045 nas actividades do conservatorio.

1046 f) Orientar as demandas e inxerencias do alumnado e mediar, en
1047 colaboración coa persoa delegada do grupo, nos problemas que se
1048 presenten.

1049 g) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu alumnado.

1050 h) Controlar a falta de asistencia do alumnado e ter informada a
1051 xefatura de estudos mediante os procedementos que se establezan
1052 pola dirección.

1053 i) Participar nas actividades do conservatorio, dentro e fóra del, cando
1054 estas se realicen en horario lectivo.

1055 2. O profesorado titor deberá coordinarse co profesorado que imparta
1056 docencia a grupos do mesmo curso e nivel, cumprindo os acordos
1057 acadados, e manter actualizada a metodoloxía didáctica.

1058

1059 **Título III. Autonomía pedagóxica e de xestión**

1060 **Capítulo I. Autonomía dos Conservatorios de Música e de Danza**

1061

1062 **Artigo 41º. Aspectos xerais.**

1063 1. Os conservatorios de música e de danza disporán de autonomía tanto
1064 no pedagóxico como no organizativo e na xestión económica dos seus



- 1065 recursos nos termos establecidos no presente decreto.
1066 2. A autonomía pedagóxica concretarase no proxecto educativo, e a
1067 organizativa na programación xeral anual e nas normas de organización
1068 e funcionamento.
1069 3. A autonomía de xestión económica reflectirase na elaboración e
1070 execución do proxecto de xestión, debendo axustar o seu contido ao
1071 disposto na normativa vixente.
1072 4. Corresponde á Consellería competente en materia de Educación fixar
1073 as bases para que os conservatorios, no exercicio da súa autonomía
1074 poidan adoptar innovacións, plans de traballo e formas de organización
1075 experimentais ou ampliación do horario lectivo do centro.
1076 5. O exercicio da autonomía pedagóxica, de organización e de xestión
1077 rexerese polo principio de mellora continua da calidade educativa, tanto
1078 dos procesos como dos resultados.

1079

1080

Capítulo II. Autonomía pedagóxica

1081

Artigo 42º. Proxecto Educativo.

1082

1083 1. O proxecto educativo é unha proposta global e colectiva de actuación
1084 a medio prazo que debe ter en conta as características do contorno
1085 social, cultural e económico no que están situados os conservatorios de
1086 música e de danza. O obxectivo deste documento é amosar as
1087 características singulares de cada conservatorio, contextualizar as súas
1088 actuacións e establecer mecanismos de coordinación e actuación
1089 pedagóxica para asegurar que se satisfagan as necesidades de
1090 aprendizaxe dos seus usuarios.

1091

1092 2. O proxecto educativo deberá respectar os principios de non
1093 discriminación como valores fundamentais dos conservatorios de música
e de danza.

1094

1095 3. O proxecto educativo incluírá os seguintes apartados:

1096

a) A descrición do contorno social, cultural e económico.

1097

b) Os obxectivos do conservatorio para dar resposta ás necesidades
do seu contorno, para promover o uso da lingua galega, para a
promoción da igualdade entre mulleres e homes e para a propia
mellora do conservatorio, e as prioridades de actuación.

1098

c) As medidas e recursos de organización e de xestión para a
consecución dos obxectivos establecidos.

1100

d) As relacións con institucións, organismos ou entidades para a
consecución dos obxectivos previstos.

1101

e) A oferta formativa.

1102

f) Os principios metodolóxicos e os criterios de selección de material

1103



- 1106 didáctico.
- 1107 g) As directrices xerais para a elaboración e seguimento das
- 1108 programacións didácticas.
- 1109 h) As directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e
- 1110 de promoción das ensinanzas.
- 1111 i) As directrices para o funcionamento adecuado das titorías.
- 1112 j) O plan de utilización das tecnoloxías da información e da
- 1113 comunicación.
- 1114 k) O plan de avaliación de todos os proxectos pedagóxicos e de
- 1115 funcionamento e de xestión do conservatorio.
- 1116 l) O Proxecto lingüístico do conservatorio.
- 1117 4. O proxecto educativo do conservatorio elaborárase baixo a
- 1118 coordinación do equipo directivo coa participación da comunidade
- 1119 educativa nos termos establecidos nas normas de organización e
- 1120 funcionamento, e de acordo cos criterios fixados polo consello escolar e
- 1121 as propostas realizadas polo claustro e a xunta de representantes do
- 1122 alumnado.
- 1123 5. O proxecto educativo será aprobado e avaliado polo consello escolar
- 1124 sen prexuízo dos aspectos docentes, establecidos nos apartados f), g), i),
- 1125 que serán aprobados e avaliados polo claustro.
- 1126 6. O equipo directivo daralle publicidade ao proxecto educativo de
- 1127 maneira que permita un mellor coñecemento do conservatorio e cara a
- 1128 orientar a labor do profesorado e a favorecer a transparencia e
- 1129 visibilidade da súa oferta formativa.
- 1130 7. O proxecto educativo poderá ser modificado segundo propostas de
- 1131 calquera membro ou sector da comunidade educativa. As modificacións
- 1132 deberán ser aprobadas polos mesmos órganos responsables da
- 1133 aprobación do proxecto educativo e entrarán en vigor o curso académico
- 1134 seguinte ao da súa aprobación.
- 1135 8. A inspección educativa supervisará o proxecto educativo para
- 1136 comprobar a súa adecuación ao establecido nas disposicións vixentes,
- 1137 autorizará a oferta formativa, formulando, se é o caso, as suxestións que
- 1138 estime oportunas e indicará as correccións que procedan.

1139

1140 **Artigo 43º. Programacións didácticas.**

- 1141 1. As programacións didácticas son o instrumento de planificación
- 1142 curricular específico de cada Departamento para cada un dos cursos das
- 1143 ensinanzas que se imparten nun conservatorio de música ou de danza.
- 1144 2. A programación didáctica dun departamento seguirá as directrices
- 1145 propostas pola comisión de coordinación pedagóxica e establecidas no
- 1146 proxecto educativo, e elaborárase segundo os principios recollidos nel.



- 1147 3. A programación didáctica dun departamento incluíra os seguintes
1148 aspectos:
- 1149 a) Os obxectivos de cada unha das materias e cursos que imparte o
1150 departamento.
 - 1151 b) Os contidos, a súa secuencia e temporalización nos distintos
1152 cursos.
 - 1153 c) Os criterios de avaliación de cada curso, especificando os mínimos
1154 esixibles para superalo.
 - 1155 d) Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do
1156 alumnado.
 - 1157 e) Os criterios de cualificación que se vaian aplicar.
 - 1158 f) O enfoque metodolóxico.
 - 1159 g) Os recursos didácticos, incluídos as tecnoloxías da información e
1160 da comunicación, os materiais curriculares e bibliografía para uso do
1161 alumnado.
 - 1162 h) Os procedementos de acceso ao currículo, se é o caso, para o
1163 alumnado con necesidades específicas.
 - 1164 i) As actividades culturais e de promoción das ensinanzas
1165 programadas polo departamento.
 - 1166 j) Os procedementos para que o departamento coordine, valore e
1167 revise o desenvolvemento e o resultado da súa programación
1168 didáctica.
 - 1169 k) Os procedementos para realizar a avaliación interna do
1170 departamento.
- 1171 4. Todas as ensinanzas que se impartan nos conservatorios de música e
1172 de danza de Galicia deberán contar coa oportuna programación
1173 didáctica.
- 1174 5. O profesorado desenvolverá a súa actividade docente de acordo co
1175 establecido no proxecto educativo e na programación didáctica
1176 correspondente, e respectará os acordos acadados nos distintos
1177 órganos.
- 1178 6. Os conservatorios de música e de danza daránlle publicidade na súa
1179 páxina web, alomenos, aos criterios de avaliación mínimos esixibles para
1180 superar o curso, así como a estrutura e cualificacións mínimas
1181 necesarias para a superación das diferentes probas de avaliación.
- 1182 7. Dado o seu carácter anual, as programacións didácticas serán unha
1183 achega da programación xeral anual.
- 1184 8. A inspección educativa supervisará as programacións didácticas para
1185 comprobar a adecuación ao establecido nas disposicións vixentes,
1186 formulará as suxestións que estime oportunas e indicará as correccións
1187 que procedan.



1188 9. Á vista das actas correspondentes, os departamentos, despois das
1189 avaliacións ordinarias de final de curso, recollerán nunha memoria cando
1190 menos os seguintes aspectos:

1191 a) Modificacións introducidas durante o curso na programación
1192 didáctica.

1193 b) Motivo das modificacións.

1194 c) Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación
1195 cos cursos anteriores.

1196 d) Propostas para a programación didáctica do curso seguinte.

1197 A memoria, redactada pola xefatura de departamento, será entregada á
1198 xefatura de estudos no prazo que estableza a dirección do centro, de
1199 acordo co calendario disposto para facer a avaliación da programación
1200 xeral anual prevista no artigo 46 deste decreto.

1201

1202 **Artigo 44º. Proxecto lingüístico do conservatorio.**

1203 1. Os conservatorios de música e de danza establecerán os
1204 procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia
1205 lingüística en ambas dúas linguas oficiais.

1206 2. Igualmente, establecerán obxectivos xerais e liñas de actuación
1207 deseñadas especificamente para o fomento da lingua galega.

1208 3. O Proxecto lingüístico será elaborado polo equipo directivo e pola
1209 persoa coordinadora do Equipo de dinamización da lingua galega, e
1210 aprobado polo Consello escolar.

1211 4. O Proxecto lingüístico do conservatorio estará, en todo caso, ao
1212 establecido na normativa de aplicación.

1213

1214 **Artigo 45º. Programa de promoción da lingua galega.**

1215 1. Anualmente, para o logro dos obxectivos establecidos no proxecto
1216 educativo, o equipo de dinamización da lingua galega, seguindo as
1217 directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica,
1218 elaborará un programa de promoción da lingua galega que contemplará,
1219 alomenos, os aspectos seguintes:

1220 a) Os obxectivos para o curso académico, que deberán estar en
1221 consonancia cos establecidos na programación xeral anual.

1222 b) As medidas para potenciar o uso da lingua galega no
1223 conservatorio, a súa secuencia e temporalización.

1224 c) Os recursos dos que se dispón para o desenvolvemento das
1225 medidas propostas.

1226 d) Os procedementos para que o equipo coordine, valore e revise,
1227 alomenos trimestralmente, o desenvolvemento do programa.

1228 e) Os procedementos para realizar a avaliación interna do equipo.



1229 2. Este programa será aprobado polo consello escolar e formará parte da
1230 programación xeral anual.

1231

1232

Capítulo III. Autonomía organizativa

1233

Artigo 46º. Programación Xeral Anual.

1235

1236

1237

1238

1239

1. Os conservatorios de música e de danza elaborarán anualmente, ao principio de cada curso, unha programación xeral anual que recollerá todos os aspectos relativos á organización e funcionamento do centro e todos os plans de actuación acordados e aprobados para ese curso académico.

1240

1241

2. A programación xeral anual será elaborada polo equipo directivo e terá en conta as propostas do claustro e as directrices do consello escolar.

1242

1243

1244

1245

3. Os distintos sectores da comunidade educativa, a través das súas organizacións ou individualmente, poderanlle presentar as propostas que coiden convenientes ao equipo directivo para a programación xeral anual.

1246

1247

1248

1249

1250

1251

1252

1253

1254

1255

1256

1257

1258

1259

1260

1261

1262

1263

1264

1265

1266

1267

1268

1269

4. A programación xeral anual incluíra os seguintes apartados:

- a) Obxectivos específicos que o conservatorio se propón conseguir no curso académico, tomando como referencia o proxecto educativo e a memoria anual do curso anterior.
- b) Medidas que se van desenvolver para a consecución dos obxectivos propostos e recursos previstos para o efecto.
- c) Horario xeral e criterios para a súa elaboración.
- d) Horario de atención ao público.
- e) Cadro xeral horario de atención tutorial.
- f) Participación do profesorado do conservatorio en programas de innovación educativa, se é o caso.
- g) Programa anual de formación do profesorado.
- h) Programa de promoción da lingua galega.
- i) Programa anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas.
- j) Plan de autoprotección, modificacións, se é o caso, ou a observación de que segue vixente.
- k) Horario de utilización das instalacións do centro.
- l) Calendario de avaliación da programación xeral anual e de autoavaliación do conservatorio.
- m) Documento de organización do centro.
- n) As modificacións do proxecto educativo, se é o caso, e as programacións didácticas dos departamentos incluíranse como anexo á programación xeral anual.



1270 5. A programación xeral anual será aprobada polo claustro de profesores
1271 no ámbito da súa competencia e elevada, para a súa aprobación
1272 posterior, ao consello escolar, que respectará, en todo caso, os aspectos
1273 docentes que competen ao claustro.

1274 6. Unha vez aprobada a programación xeral anual, un exemplar desta
1275 quedará na secretaría do centro a disposición dos membros da
1276 comunidade educativa e outro, acompañado dunha copia da acta das
1277 sesións do claustro e do consello escolar en que se aprobou, remitirase á
1278 inspección educativa.

1279 7. A programación xeral anual será de obrigado cumprimento para todos
1280 os membros da comunidade educativa.

1281 8. A inspección educativa supervisará a programación xeral anual para
1282 comprobar a súa adecuación ao establecido nas disposicións vixentes e
1283 no proxecto educativo do conservatorio, formulará as suxestións que
1284 estime oportunas e indicará as correccións que procedan.

1285 9. Polo menos cunha periodicidade trimestral, os órganos colexiados
1286 reuniranse para avaliar, cada un no ámbito das súas competencias, o
1287 grao de cumprimento da programación xeral anual e propor as oportunas
1288 modificacións, se as houber.

1289 10. O equipo directivo establecerá os protocolos que corresponda para o
1290 seguimento do grao de cumprimento da programación xeral anual.

1291

1292 **Artigo 47º. Memoria anual do conservatorio.**

1293 1. A dirección do conservatorio establecerá un calendario que permita a
1294 avaliación, por parte do consello escolar, do claustro e do equipo
1295 directivo, da programación xeral anual e o seu grao de cumprimento. As
1296 conclusións máis relevantes serán recollidas polo equipo directivo nunha
1297 memoria que se lle remitirá antes do 10 de xullo á Inspección Educativa.

1298 2. A estrutura da citada memoria será semellante á establecida para a
1299 programación xeral anual e fará referencia ás modificacións introducidas,
1300 se é o caso, durante o curso e as causas que as motivaron.

1301 3. O equipo directivo incorporará á memoria anual os informes
1302 presentados por cada un dos órganos de coordinación docente, así como
1303 das coordinacións específicas existentes, que recollerán a avaliación do
1304 grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron, analizando as
1305 dificultades e resultados obtidos, propoñendo solucións e sacando as
1306 conclusións que coiden oportunas.

1307 4. A memoria anual conterá tamén un apartado económico, realizado
1308 polo responsable da secretaría, de acordo co establecido no proxecto de
1309 xestión.

1310 5. De ser o caso, tanto as asociacións de nais e pais como de alumnado



1311 legalmente constituídas poderán presentarle ao equipo directivo o
1312 informe das actividades desenvolvidas e cantas achegas e suxestións
1313 coiden oportunas sobre elas. Este informe unirase como anexo á
1314 memoria anual elaborada polo conservatorio.

1315 6. As conclusións recollidas na memoria anual do conservatorio serán
1316 tidas en conta na elaboración da programación xeral do ano seguinte.

1317

1318 **Artigo 48º. Normas de Organización e Funcionamento.**

1319 1. As normas de organización e funcionamento establecerán a estrutura
1320 organizativa e funcional de cada conservatorio. Nelas estableceranse as
1321 condutas, tarefas e actividades do conservatorio necesarias para
1322 alcanzar os obxectivos previstos. En todo caso, estarase ao disposto no
1323 establecido na normativa de aplicación referente aos dereitos e deberes
1324 do alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos.

1325 2. As normas de organización e funcionamento serán elaboradas polo
1326 equipo directivo, informadas polo claustro e aprobadas polo consello
1327 escolar, e incorporaranse ao proxecto educativo do conservatorio.

1328 3. Deberán concretar, tendo en conta as características e os recursos
1329 propios de cada conservatorio, entre outros, os seguintes aspectos:

1330 a) Organización e reparto de responsabilidades non definidas na
1331 normativa vixente.

1332 b) A organización práctica da participación de todos os membros da
1333 comunidade educativa.

1334 c) Normas que favorezan as relacións entre os distintos membros da
1335 comunidade educativa.

1336 d) As canles de colaboración entre os distintos órganos de goberno, e
1337 de coordinación docente

1338 e) A organización dos espazos e instalacións do conservatorio e as
1339 normas para o correcto uso.

1340 4. Modificacións.

1341 As normas de organización e funcionamento poderán ser modificadas
1342 segundo propostas de calquera membro ou sector da comunidade
1343 educativa. As modificacións deberán ser aprobadas polo mesmo
1344 procedemento establecido para a aprobación das ditas normas, entrarán
1345 en vigor o curso académico seguinte ao da súa aprobación e incluíranse
1346 no proxecto educativo e na programación xeral anual.

1347 5. A inspección educativa supervisará as normas de organización e
1348 funcionamento para comprobar a súa adecuación ao establecido nas
1349 disposicións vixentes, formulará as suxestións que coide oportunas e
1350 indicará as correccións que procedan.

1351



1352 **Artigo 49º. Proxecto de xestión.**

1353 1. De acordo co establecido no artigo 123 da Lei Orgánica 2/2006, do 3
1354 de maio, de Educación, os conservatorios de música e de danza
1355 disporán de autonomía na súa xestión económica no marco establecido
1356 na citada Lei e na normativa autonómica vixente, elaborando ao efecto o
1357 proxecto de xestión, que incluíra o plan anual de ordenación e utilización
1358 do seu orzamento.

1359 2. Sen prexuízo de que reciban os recursos económicos necesarios para
1360 cumprir os seus obxectivos con criterios de calidade, os conservatorios
1361 de música e de danza poderán obter recursos complementarios pola
1362 prestación de servizos distintos dos gravados por prezos públicos, como
1363 outros fondos procedentes de entidades públicas, privadas ou
1364 particulares Estes recursos deberán ser aplicados aos seus gastos de
1365 funcionamento e non poderán proceder das actividades desenvolvidas
1366 polas asociacións de pais e de alumnos no cumprimento dos seus fins.

1367 3. Os conservatorios poderán ademais recibir achegas voluntarias dos
1368 pais de alumnos ou doutras institucións, de acordo co establecido na
1369 lexislación vixente.

1370 4. A Consellería competente en materia de Educación poderá delegar
1371 nos órganos de goberno dos conservatorios dependentes da mesma a
1372 adquisición de bens, contratación de obras, servizos e subministracións
1373 cos límites que legalmente se establezan.

1374 5. A comisión económica, logo da aprobación no consello escolar, deberá
1375 presentar para a súa autorización pola xefatura territorial da Consellería
1376 competente en materia de Educación o plano de accións, se o houber,
1377 encamiñadas á obtención dos recursos complementarios aos que se
1378 refire o punto 2 deste artigo.

1379

1380 **Título IV. Xunta de representantes do alumnado**

1381

1382 **Artigo 50º. Composición e competencias.**

1383 1. Nos conservatorios profesionais de música e de danza existirá unha
1384 xunta de representantes integrada polos delegados e delegadas do
1385 alumnado oficial matriculado no grao profesional, e polos representantes
1386 do alumnado no consello escolar.

1387 2. A dita xunta estará presidida por un dos seus membros elixido entre os
1388 seus compoñentes.

1389 3. É competencia da presidencia da xunta:

1390 a) Convocar, presidir e coordinar as reunións que se precisen e
1391 responsabilizarse de que se levante a acta correspondente.

1392 b) Facer chegar as propostas da xunta aos distintos órganos de



1393 dirección ou de coordinación didáctica do conservatorio.

1394

1395 **Artigo 51º. Reunións e comisións.**

1396 1. A xunta poderá reunirse en pleno ou, cando a natureza dos problemas
1397 o faga máis conveniente, en comisións que reúnan ao alumnado
1398 delegado dos cursos que se impartan no conservatorio, logo do
1399 coñecemento da dirección e sen que isto implique alteración no normal
1400 desenvolvemento das actividades docentes.

1401 2. A xefatura de estudos facilitará á dita xunta un espazo axeitado para
1402 que poida celebrar as súas reunións.

1403

1404 **Artigo 52º. Eleccións.**

1405 1. Nas ensinanzas profesionais de música, o alumnado que curse as
1406 materias comúns de Linguaxe Musical, Harmonía e Análise, elixirá, por
1407 sufraxio directo, secreto e non delegable no prazo máximo de dous
1408 meses dende o inicio do curso escolar, unha persoa delegada de curso,
1409 que formará parte da xunta de representantes do alumnado. Elixirase
1410 tamén unha persoa subdelegada, que substituirá á delegada en caso de
1411 ausencia ou enfermidade e apoiaraa nas súas funcións.

1412 2. Nas ensinanzas profesionais de danza, o alumnado que curse a
1413 materia común de Acondicionamento físico, elixirá, por sufraxio directo,
1414 secreto e non delegable no prazo máximo de dous meses dende o inicio
1415 do curso escolar, unha persoa delegada de curso, que formará parte da
1416 xunta de representantes do alumnado. Elixirase tamén unha persoa
1417 subdelegada, que substituirá á delegada en caso de ausencia ou
1418 enfermidade e apoiaraa nas súas funcións.

1419 3. As eleccións de representantes do alumnado, así como a do delegado
1420 ou delegada que presidirá a xunta, serán convocadas pola xefatura de
1421 estudos, e organizadas por ela en colaboración co profesorado e os
1422 representantes do alumnado no consello escolar.

1423 4. A designación de alumnado delegado e subdelegado e delegado-
1424 presidente poderá ser revogada, logo do informe razoado dirixido ao
1425 docente que corresponda, pola maioría absoluta do alumnado do grupo
1426 que os elixiron. Neste caso, procederase a convocatoria de novas
1427 eleccións nun prazo de quince días e de acordo co establecido no
1428 apartado anterior.

1429 5. A xunta de representantes do alumnado terá as seguintes funcións:

1430 a) Elevar ao equipo directivo propostas para a elaboración do
1431 proxecto educativo do conservatorio por iniciativa propia ou por
1432 petición daquel.

1433 b) Informar aos representantes do alumnado no consello escolar dos



- 1434 aspectos do seu interese.
1435 c) Recibir información dos representantes do alumnado no consello
1436 escolar sobre os temas tratados nel, e das organizacións estudiantís
1437 legalmente constituídas.
1438 d) Elaborar informes para o consello escolar por iniciativa propia ou
1439 por petición deste.
1440 e) Elaborar propostas de modificación das normas de organización e
1441 funcionamento do conservatorio dentro do ámbito da súa
1442 competencia.
1443 f) Informar ao alumnado do conservatorio das actividades da xunta
1444 de representantes do alumnado .
1445 g) Formular propostas á xefatura de estudos para a elaboración dos
1446 horarios.
1447 h) Formular propostas á vicedirección para organización as
1448 actividades culturais e de promoción das ensinanzas.
1449 i) Debater os asuntos que vaia tratar o consello escolar no ámbito da
1450 súa competencia e elevar propostas de resolución aos seus
1451 representantes nel.
- 1452 6. Cando o solicite, a xunta de representantes do alumnado, en pleno ou
1453 en comisión, deberá ser oída polos órganos de goberno do centro nos
1454 asuntos que, pola súa índole, requiran a súa audiencia e, especialmente,
1455 no que se refire a:
- 1456 a) Celebración de probas.
1457 b) Establecemento e desenvolvemento no conservatorio de
1458 actividades culturais e de promoción das ensinanzas.
1459 c) Presentación de alegacións e reclamacións nos casos de abandono
1460 ou incumprimento das tarefas educativas por parte dalgún membro
1461 do equipo docente.
1462 d) Alegacións e reclamacións sobre a obxectividade e eficacia na
1463 valoración do rendemento académico do alumnado.
1464

Artigo 53º. Alumnado delegado de grupo.

- 1465 1. Funcións:
- 1466 a) Asistir ás reunións da xunta de representantes do alumnado e
1467 participar nas súas deliberacións.
1468 b) Expoñer ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións
1469 do grupo ao que representan.
1470 c) Fomentar a convivencia entre o alumnado do seu grupo.
1471 d) Colaborar co profesorado e co equipo directivo do conservatorio
1472 para o bo funcionamento deste.
1473 e) Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do
1474



1475 conservatorio.

1476 2. Os representantes do alumnado non poderán ser sancionados polo
1477 exercicio das súas funcións como voceiros dos alumnos e alumnas, nos
1478 termos da normativa vixente.

1479

1480

Título V. Calidade e excelencia

1481

Artigo 54º. Procesos de avaliación da calidade.

1482 1. Os conservatorios de música e de danza deberán participar en
1483 procesos de avaliación interna e externa co obxectivo de estimular a
1484 mellora da súa calidade ata niveis de excelencia, ou ben de mostrar os
1485 niveis de excelencia alcanzados nun ou máis ámbitos da súa actuación.

1486 2. A avaliación estenderase a todos os ámbitos de actuación,
1487 especialmente os relativos aos procesos de aprendizaxe e resultados do
1488 alumnado, á actividade do profesorado, á función directiva e ao
1489 funcionamento e organización dos conservatorios.

1490

1491

Artigo 55º. Avaliación interna.

1492 1. Os conservatorios de música e de danza deberán realizar procesos de
1493 avaliación interna como procedemento para obter a información
1494 necesaria para establecer, se é o caso, medidas de mellora da calidade
1495 nos ámbitos que cumpra.

1496 2. A Consellería competente en materia de Educación apoiará a
1497 avaliación interna dos conservatorios mediante a elaboración de
1498 protocolos e aplicacións informáticas que faciliten este labor.

1499

1500

Artigo 56º. Avaliación externa.

1501 1. Correspóndelle á Consellería competente en materia de Educación
1502 realizar a avaliación externa dos conservatorios de música e de danza.
1503 Esta avaliación realizarase para obter e analizar información sobre a
1504 adecuación do proxecto educativo, e do funcionamento, organización e
1505 xestión do conservatorio, e de acordo coas valoracións resultantes, tomar
1506 as decisións de política educativa que conveñan, encamiñadas á mellora
1507 da ensinanza da música e de danza.

1508 2. Para a realización da avaliación externa utilizarase o soporte de
1509 estándares relevantes de calidade axustados ás características dos
1510 conservatorios de música e de danza.

1511 3. A inspección educativa, no ámbito das súas competencias, apoiará e
1512 supervisará os procesos de avaliación dos conservatorios.

1513

1514

1515

Disposicións adicionais



1516

1517 **Primeira. Redes de formación musical e de danza.**

1518 1. As redes de formación musical e de danza de Galicia estarán
1519 formadas por todos os centros específicos de formación musical e de
1520 danza de titularidade pública dunha determinada área xeográfica:
1521 conservatorios profesionais de música e de danza, conservatorios
1522 elementais de música e de danza e escolas de música e de danza.

1523 2. A delimitación das áreas xeográficas a que se refire o apartado
1524 anterior realizarase por Orde da Consellería competente en materia de
1525 Educación atendendo a datos de poboación escolarizada nos centros
1526 específicos de formación musical e posibles conexións e características
1527 comúns dos conservatorios e escolas que permitan o desenvolvemento
1528 de proxectos de mellora das ensinanzas de música e de danza en
1529 Galicia.

1530 3. Os conservatorios e escolas pertencentes a unha mesma rede de
1531 formación musical e de danza establecerán cantos instrumentos e
1532 procedementos sexan necesarios con obxecto de acadar un mellor
1533 aproveitamento dos seus recursos e un enriquecemento das
1534 experiencias que se leven a cabo na zona que abarca a rede. A tal fin, os
1535 conservatorios e escolas pertencentes a unha mesma rede de formación
1536 musical e de danza poderán coordinarse para realizar proxectos
1537 conxuntos.

1538 4. En ningún caso as redes de formación musical e de danza que se
1539 creen poderán ser consideradas como zonas para os efectos de
1540 escolarización.

1541

1542 **Segunda. Correspondencia con outras ensinanzas.**

1543 De acordo co establecido no artigo 47 da Lei 2/2006, de 3 de maio, de
1544 Educación, a Consellería competente en materia de Educación
1545 determinará os centros que ofrezan ensinanzas integradas de música ou
1546 de danza coa educación secundaria obrigatoria e/ou bacharelato, e
1547 establecerá as medidas de ordenación académica que sexan necesarias
1548 para o seu desenvolvemento.

1549

1550 **Terceira. Seccións.**

1551 Cando as necesidades de planificación educativa así o aconsellen, a
1552 Consellería competente en materia de Educación poderá crear seccións
1553 de grao elemental adscritas a conservatorios profesionais de música e de
1554 danza de titularidade da Xunta de Galicia, nas condicións que se
1555 determinen.

1556



1557

Disposicións derradeiras

1558

1559

Primeira. Facultase ao Conselleiro competente en materia de Educación para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación do que se establece no presente Decreto.

1562

1563

Segunda. Entrada en vigor.

1564

O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

1565

1566

1567

Santiago de Compostela, dede

1568

1569

1570

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

1571

1572

1573

1574

1575

1576

1577

Jesús Vázquez Abad

1578

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria